

Rama de coñecemento	Xurídico-social
Prazas ofertadas	40
Créditos ECTS totais	60
Créditos ECTS do traballo de fin de mestrado	6
Presencialidade	Presencial, semipresencial
Universidades participantes	Universidade de Vigo

Descrición

O Máster universitario en dirección e planificación do turismo interior e de saúde é unha titulación oficial de 60 créditos ECTS.

O título profesionalizante de mestrado ten unha duración dun curso académico, composto por dous cuatrimestres de 30 créditos ECTS cada un. O primeiro cuatrimestre componse de cinco materias de 6 créditos ECTS cada unha:

- Xestión das organizacións turísticas
- Planificación de destinos turísticos e desenvolvemento sostible
- Métodos para a análise do turismo e influencia das novas tecnoloxías nos hábitos de consumo
- Turismo interior e rural
- Deseño, comercialización e promoción de produtos turísticos

O segundo cuatrimestre componse de dúas materias de 6 e 9 créditos ECTS cada unha, un traballo de fin de mestrado e a realización de prácticas en empresas/entidades do sector turístico. A docencia deste segundo cuatrimestre finaliza no mes de marzo para que o alumnado poida facer as prácticas durante os meses de abril, maio e xuño. O traballo de fin de mestrado poderase defender no mes de marzo ou unha vez rematadas as prácticas, no mes de xullo. As materias deste segundo cuatrimestre son:

- Turismo termal e de saúde
- Turismo de natureza e ecoturismo

O mestrado consta de dúas modalidades: presencial e semipresencial.

Perfil de ingreso recomendado

O perfil para poder matricularse no mestrado é ser titulado/a universitario: diplomatura, grao, licenciatura ou enxeñaría. Terá preferencia quen teña unha titulación vinculada co turismo, xa que o 80 % das prazas resérvanse para alumnado da citada titulación. Valorarase positivamente o expediente académico do título de acceso, coñecemento de idiomas, estancias no estranxeiro, cursos e méritos vinculados co mestrado e experiencia profesional en turismo. Resérvanse cinco prazas para alumnado estranxeiro.

Saídas profesionais:

- Dirección de empresas e actividades turísticas (especialidade en turismo interior e de saúde)
- Planificación e xestión de destinos turísticos en institucións públicas e privadas
- Planificación e xestión de proxectos de aproveitamento de recursos turísticos
- Formación e asesoramento no campo turístico
- Emprendemento de actividades turísticas
- Investigación de mercados turísticos

Máis información

Coordinador	José Antonio Fraiz Brea
Páxina web do mestrado	http://www.masterturismoourense.es/
Páxina web do centro	http://www.uvigo.es/uvigo_gl/Centros/ourense/empresariais_turismo.html
Código RUCT	4313117
Enlace ao RUCT	https://www.educacion.gob.es/ruct/estudio.action?codigoCiclo=SC&codigoTipo=M&CodigoEstudio=4313117&actual=estudios
Teléfono	988 368 738
Enderezo electrónico	secretaria@masterturismoourense.es ; info@masterturismoourense.es